


# Banda Deseñada

Novidades Maio-Xuño 2007

## Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Relación de novidades en banda deseñada recibidas na biblioteca no mes de abril. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca. Inclúense as súas signaturas



“Ha muerto un hombre” de Kris, Davodeau.

Baseado en feitos reais: en 1950 a cidade de Brest está sendo reconstruída tralos bombardeos da II Guerra Mundial. Os obreiros, como medida de presión para que o empresario lles suba o seu irrisorio soldo, deciden facer folga e manifestarse. As forzas policiais enfróntanselles, e nun dos altercados, ademais de varios feridos, morre un home: Edouard Mazé.

Nesta situación atópase René Vautier, documentalista (con África 50 denuncia a situación das colonias francesas no continente negro). A súa segunda película, que ía ser unha ferramenta política ao servizo do movemento obreiro, converterase nunha elexía dedicada ao falecido. **Signatura: COM DAV ham**

“Por qué he matado a Pierre”, de Alfred, Olivier Ka.


Olivier Ka conta unha historia persoal e íntima á vez, a historia dunha infancia expoliada pola manipulación impune dun cura. Obra galardonada co Premio do Público no Salón de Angouleme 2007, destacamos a elegancia das ilustracións de Alfred. **Signatura: COM KA por**




“El largo viaje de Lena” de Juillard, Christin.

Lena é unha misteriosa moza do barrio dos antigos dignatarios de Berlin Este. Alí recibe unha lista de nomes e numeros que a levará a Budapest, Transilvania, Kiev, Siria...Historia de ficción que combina o intimismo de Juillard co gusto xeopolítico de Christin.

**Signatura: COM CHR lar**





**Signatura: COM DUP señ**


“ El señor Jean 6. Hora de hacer balance” , de Dupuy e Beberian.

Logo de converterse en pai, chegou o momento de facer balance da súa vida e enfrontarse aos seus medos e responsabilidades.

O piso de Jean quedou pequeno para a nova familia: chegou a hora de mudarse e facer vida nova. Pero desfacerse de cousas vellas e dos recordos non é doado .

“La posada del fin del mundo 3.Los murmullos del alma” de Prugne e Oger.

O talento e o dominio das cores de Prugne únese ao guión de Oger para dar forma a La posada del fin del mundo . O escritor Preux alimenta a súa pluma cos relatos que o pousadeiro explica: historias de xenerosidade e bondade, de tiranía e violencia, de epidemias e morte. **Signatura: COM PRU pos 3**



“De capa y colmillos 3. El archipiélago del peligro”, de Ayroles e Masbou.

Os nosos heroes navegarán rumbo aos tesouros das illas Tingitanas, apropiaranse dun barco pirata, rescatarán a unha fermosa cativa, soportarán unha tempestade, sufrirán a ira dun monstro mariño, naufragarán, enfrontaranse a feroces caníbales... a diversión está asegurada. **Signatura: COM AYR dec 3**

“El Marqués de Anaon 1. La isla de Brac ” de Vehlmann e Bonhomme.

Sen ser aínda coñecido no noso país, Fabien Vehlmann está considerado en Francia un dos guionistas punteiros ; chéganos El Marqués de anaon, unha nova serie á que dá forma Bonhomme. O Marqués das almas en pena , un personaxe fabuloso, digno de lenda, capaz de enfrontarse a demos e criaturas doutro mundo .**Signatura: COM VEH mar 1**




“ 38”de López, Sendón.

Despois de traballar varias veces xuntos, este dúo do cómic sorpréndenos unha vez máis. Editado a través de Polaquia, “38” conta a historia dunha pistola. Un calibre 38 special que, como un estrano legado, vai pasando de pais a fillos deixando tras sí un regueiro de morte, odio e desespero.

**Signatura: Foll. 944**


“Gánster judío”, de Joe Kubert.

A Gran Depresión de 1930 cambiou as vidas de moitas persoas en Estados Unidos. O traballo escaseaba e o diñeiro tamén, polo que sobrevivir honestamente era un asunto que ás veces había que esquecer para xantar. Esa é a historia de Ruby Kaplan, un mozo de Brooklyn, e como consecuencia tamén a historia da súa familia e o alto prezo que pagará, cando se converte nun gánster xudeu. **Signatura: COM KUB gan**



“Pereza”, de Gilbert Hernandez.

Miguel Serra, o noso heroe, é un adolescente problemático que tras permanecer un ano en coma segue a súa vida sen ningún cambio aparente, excepto pola súa nova e inquietante actitude ante a vida. Unha historia que define o que significa vivir nun lugar onde a vida non é o que agardabamos, e na que Hernandez domina con mestría as luces e as sombras tanto do debuxo como da narración. **Signatura: COM HER per**




“Lupus 4 ”, de Frederik Peeters .

Obra madura e, por momentos, incluso emotiva , que aborda diferentes aspectos das relacións humanas ; preséntanos a dous amigos que viaxan de planeta en planeta...

Nominado ao premio Aph' art ao mellor álbum do 2003 no Salón Internacional do Cómic Angoulême (lupus 1 ), do 2004 (lupus 2 ) e do 2005 (lupus 3 ).

**Signatura: COM PEE lup 4**




“Tres destellos blancos ”, de Bruno Le Floc'h .

Galardonada co Premio Gosciny 2004, mellor guión dun debutante. Unha sólida historia que conta a difícil tarefa que ten un novo enxeñeiro construíndo un faro nun pequeno porto, que choca co desprezo dos habitantes do pobo e as duras condicións naturais do lugar .**Signatura: COM LEF tre**

“Al mejor postor y otros relatos violentos”, de Víctor Santos.

Un desapiadado asasino a soldo. Un home desesperado. Un grupo de amigos con malas ideas. Un ladrón con problemas de conciencia. Unha mercancía que pasa de man en man. Cinco historias do xénero negro co denominador común da violencia, o sexo, o crime e a corrupción .**Signatura: COM SAN alm**



“El Fotógrafo 3”, de Guibert Lefèvre.

Das experiencias daquela viaxe quedou un testemuño en fotografías; anos despois chéganos da man de Emmanuel Guibert a narración en cómic dunha historia tan dura como real. Un material sensible do que se abastece Guibert Lefèvre, para contarnos o día a día dun grupo de Médicos Sen Fronteiras, as súas vicisitudes para chegar ás zonas nas que traballan, e facernos vivir de primeira man os sinsabores e as alegrías da expedición. **Signatura: COM GUI fot 3**



“Y El ultimo hombre 4.” de Vaughan, Guerra, Sudzuka.

Yorick Brown, o último home na Terra, chegou por fin á cidade onde a súa prometida, Beth, foi retida desde que a praga apareceu no planeta. Desgraciadamente, a visita só é unha escala máis na viaxe pois hai noticias da súa mascota Ampersand dende Xapón. Nova entrega desta formidable serie con guión de Brian K. Vaughan e debuxos de Pia Guerra, Goran Sudzuka e José Marzán Jr. **Signatura: COM VAU yel**

“Los Perdedores 4. Fin del juego ” de Diggle, Wilson .


A saga dos perdedores chega ao seu explosivo final co tomo titulado Xogo Final. Este equipo enfróntase por fin a Max, axente da C.I.A., e descubrirá sorprendentes segredos que destaparán uns inquietantes sucesos.

Con este derradeiro tomo acaba a excelente serie guionizada por Andy Diggle e debuxada por Jock e Colin .

**Signatura: COM DIG per**



## OUTROS COMICS QUE APODAMOS NA SALA INFANTIL :



“El poderoso Thor. 1 La balada de Bill rayos beta”, de Simonson.

Walter Simonson marcou un antes e un despois na historia de Thor. As súas aventuras, capaces de recuperar toda a épica dos tempos de Jack Kirby, alcanzan unha excelencia poucas veces contemplada na novena arte. **Signatura: COM (THO) SIM tho**